



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 53)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de novembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

No asiste o señor Deputado D. José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE NOVENBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de novembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ACTUACIÓN POR EMERXENCIA DA OBRA DE VIVEIRO.- ACTUACIÓNS DE REPARACIÓN DA LU-P-6604, PK 0+800.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 19/11/2019, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“El pasado 14 de noviembre se produjo un deslizamiento de la ladera sobre la que discurre la carretera LU-P-6604—denominada Magazos (LU-540)-Figueiras-Rúa Nova (LU-540)- en su P.K. 0+800 (T.M. de Viveiro), aproximadamente. La causa parece encontrarse en las fuertes lluvias ocurridas que, tanto por infiltración como por escorrentía superficial, acabaron produciendo una superficie de rotura en el terreno lo que conllevó el deslizamiento del terraplén en el que se asienta la carretera y de la propia ladera.



Como consecuencia del deslizamiento, parte del terreno acabó acumulándose en un tramo de la propia carretera que discurre a una cota inferior y en una vía municipal que da acceso a una vivienda. Esta acumulación de tierras y de árboles arrastrados por el deslizamiento produjo el corte total al tráfico en ambas vías.

Además, la plataforma de la carretera LU-P-6604 se encuentra parcialmente en voladizo en el tramo afectado ya que ha perdido el sostenimiento que le otorgaba el terreno, por lo que es inviable que el tráfico rodado discurra por ese tramo. Todo ello ha obligado al cierre de la carretera a la circulación mientras no se acometan las actuaciones necesarias para subsanar los daños producidos por el deslizamiento.

Por las circunstancias expuestas, de carácter excepcional y que suponen grave peligro, se propone tramitar el expediente de contratación por emergencia según lo establecido en el artículo 120 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (en adelante LCSP), ejecutando las obras con la colaboración de un empresario particular—de conformidad con el artículo 30.1 de la LCSP- ya que la Diputación de Lugo no cuenta con los medios materiales ni personales necesarios.

El artículo 30.4 de la LCSP dispone que en estos supuestos, la selección del empresario colaborador no estará sujeta a lo establecido en el artículo 131 de dicho texto legal, no contemplándose en la LCSP ningún procedimiento de selección. A falta de una regulación para la selección del empresario colaborador en los supuestos de emergencia y, en base a lo establecido en el artículo 120 de la LCSP donde se dispone que el órgano de contratación podrá contratar libremente el objeto del contrato sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la propia ley TRLCSP, se propone encomendar la realización de los trabajos al vigente contratista adjudicatario de la conservación de la red viaria provincial en la zona, CARFERLO S.L., ya que se considera que esa mercantil dispone de medios en las proximidades para acometer las obras de manera inmediata.

El artículo 176 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (en adelante, RGLCAP) establece que los contratos de colaboración con empresarios particulares, adjudicados por razones de emergencia, entre otras, podrán realizarse con arreglo a las siguientes modalidades:

Mediante el sistema de coste y costas.

Contratando con la empresa colaboradora la ejecución de unidades completas del proyecto, instalaciones o servicios sobre la base de precio a tanto alzado, no superior al previsto en el proyecto.

A los efectos de control y seguimiento de los trabajos ejecutados se considera más adecuada para la Diputación de Lugo, la segunda de las modalidades, por lo que se propone su adopción. En caso de adoptarse esta modalidad y, con sujeción a lo establecido en el apartado primero y cuarto del artículo 178 del RGLCAP (la naturaleza de las obras no permite la fijación previa de un precio cierto ya que es necesario proceder a la excavación del terreno para definir la cota de cimentación del muro a ejecutar), se estima el presupuesto que figura como anexo 1 a este informe. Además, se acompaña un segundo anexo en el que se detallan las condiciones a las que deberá sujetarse la ejecución de las obras.

En todo caso, una vez terminadas las obras, deberá redactarse la documentación técnica descriptiva (art. 174 del RGLCAP) que incluirá el presupuesto definitivo calculado como se establece en el artículo 178 del RGLCAP y, en base al cual, se liquidarán las obras mediante relación valorada (art. 179 del RGLCAP).(…)”

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Quando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”



Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “peche da estrada á circulación mentres non se acometan as actuacións necesarias para subsanar os danos producidos polo deslizamento”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 52.732,04 euros, dos cales 9.151,84 correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas

as obras, redactándose a documentación técnica descriptiva que incluíra o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011; aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, procedería que polo Órgano de Contratación, se adoptasen os seguintes acordos:

Declarar de emerxencia a execución da obra de VIVEIRO.- Actuacións de reparación da LU-P-6604, P.K. 0+800, como consecuencia das incidencias do deslizamento da ladeira sobre a que discorre a estrada LU-P-6604, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 52.732,04 euros.

De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa CARFERLO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 52.732,04€, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de



emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de VIVEIRO.- Actuacións de reparación da LU-P-6604, P.K. 0+800, como consecuencia das incidencias do deslizamento da ladeira sobre a que discorre a estrada LU-P-6604, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 52.732,04 euros.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa CARFERLO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 52.732,04€, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE MURAS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE

INVESTIMENTOS; INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escrito da Alcaldía do Concello de Muras no que solicita nova prórroga para poder executar e xustificar investimentos, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos “... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

A Alcaldía do concello indicado, solicitan unha nova prórroga para executar/xustificar investimentos, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Muras:



O concello de Muras incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

MURAS	151	IDENTIFICACIÓN	ACTUACIÓNS EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)			
		FINANCIACIÓN	130.134,78	14.673,10	144.807,88	X
	152	IDENTIFICACIÓN	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)			
		FINANCIACIÓN	14.585,90	0,00	14.585,90	X
	153	IDENTIFICACIÓN	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL			
		FINANCIACIÓN	54.745,07	0,00	54.745,07	X

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 29-03-2019, o concello de Muras, incluíu con cargo a remanentes o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE A Balsa (SANTA MARÍA), O BURGO (SANTA MARÍA), IRIXOA (SAN XILLAO) E MURAS (SAN PEDRO)	2018 1531 762	36.820,55€	--	36.820,55€

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 06-09-2019, o concello de Muras, incluíu con cargo a remanentes o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	1640 76255	12.483,51€	--	12.483,51€

Por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro, concedeuse prórroga para a execución e xustificación ao Concello de muras, nos seguintes termos:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PAZO EXECUCIÓN	PAZO XUSTIFICACIÓN
MURAS	ACTUACIÓNS EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)	151	15-11-2019	30-11-2019
	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)	152		
	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	153		
	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE A Balsa (SANTA MARÍA), O BURGO (SANTA MARÍA), IRIXOA (SAN XILLAO) E MURAS (SAN PEDRO)	REM		
	OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	REM		

A Alcaldía do Concello de Muras, a través de escrito con rexistro de entrada de data 14/11/2019, solicita unha nova ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións

descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ .. inclemencias metereolóxicas...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MURAS	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	153	30-11-2019	30-11-2019
	OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	REM		

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello indicado, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan Único 2018, “... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”. Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica “... la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido”. Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 30/09/2019 e o de presentar a xustificación vence o 15-10-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga, ao amentado Concello, para executar e xustificar as actuacións indicadas incluídas no Plan Provincial Único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía dos Concello de Muras, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos, nos termos indicados:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MURAS	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	153	30-11-2019	30-11-2019
	OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	REM		

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos que se indican, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2019. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude motivada do Concello.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

As Alcaldías dos concellos que se indican solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Muras:

O concello de Muras incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	0,00 €	69.866,67 €	69.866,67 €

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 25/10/2019, concedeuse unha prórroga ao Concello de Muras para o investimento e prazo que se sinala:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	30/11/2019

A Alcaldía do Concello de Muras, a través de escrito con rexistro de entrada de data 08/11/2019, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... escaseza de persoal e cumprimento dos prazos do proceso de licitación (...) ” ata os prazos que se sinalan:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADJUDICACIÓN ATA:
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	30/12/2019

Concello de Taboada:

O concello de Taboada incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A SAN SALVADOR, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.673,10 €	196.176,98 €	210.850,08 €

Polo Pleno, en sesión ordinaria de data 24/09/2019, aprobouse a modificación do investimento 306, afectando aos núcleos onde se actúa, quedando incluído no Plan Único 2019 do seguinte xeito:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.673,10 €	196.176,98 €	210.850,08 €

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 25-10-2019 acordouse concederlle prórroga ao Concello de Taboada, para a adjudicación da amentada obra, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÁZO ADJUDICACIÓN ATA:
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	10/12/2019

A Alcaldía do Concello de Taboada, a través de escrito con rexistro de entrada de data 15/11/2019, solicita unha prórroga para a adjudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... prazos necesarios para o procedemento de contratación (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADJUDICACIÓN ATA:
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	31/03/2020

Tendo en conta a solicitude das Alcaldías dos concellos indicados, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan Único 2019, “... este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga aos Concellos indicados para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, e incluídos no Plan Único 2019, e ata o prazo indicado.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos sinalados e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación, dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración (anexo III ou IV e declaración do lugar de colocación do cartel con coordenadas UTM), nos termos indicados nas bases.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	30/12/2019
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	31/03/2020

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a execución dos fins comúns consistentes na organización da XX Conferencia Internacional de MINOM. Plurianual 2019– 2020.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo de data 18/10/2019 19:28:16 que literalmente dicía:

“Encarnación Lago González xerente da Rede Museística da Deputacion Provincial informa:

Non sendo posible, por razóns organizativas, a celebración das conferencias “XX Conferencia Internacional de MINOM” nos días previstos 28,29,30 e 31 de outubro de 2019, esta trasládanse para o mes de xuño de 2020 estando prevista a presentación das conferencias para xaneiro de 2020.

Por todo elo o informe de data 20/08/2019 quedaría redactado tal e como segue:

O Movemento Internacional para unha Nova Museoloxía, MINOM-ICOM, é unha rama do Consello Internacional de Museos (ICOM), que busca que as institucións museísticas xeren accións patrimoniais nas que se impliquen aos colectivos sociais.

Un organismo que defende o papel integrador do museo, como canle de cohesión e integración social de acordo aos postulados da UNESCO.

MINOM-ICOM, reúne a profesionais que traballan en museos de comunidade, grupos especializados na organización de actividades culturais, xestión e mediación cultural e as institucións culturais implicadas en comunidades locais.

MINOM-ICOM reconece o traballo da Rede Museística no 2010 declarando que cumprimos os seus postulados pola forma de aplicar a museoloxía social nos Museos de San Paio de Narla, Pazo de Tor e Museo do Mar. Se nos invita a Portugal a presentar o PI (Plan de Inclusión da RMPL).

MINOM- ICOM decide doar a Rede Museística da Deputación Provincial de Lugo no 2017 todo o seu arquivo documental para estar custodiado na Biblioteca- arquivo do Museo Pazo de Tor.

O Presidente da Deputación acompañado do Alcalde de Monforte e membros de MINOM que se desprazan ao Pazo de Tor recibe ante os medios a doazón.

O 20 de xuño de 2018 recibimos o convite nos convidan a ser a sede da Conferencia Mundial de Museologia MINOM-ICOM 2019. Tras reunión e valoracións decídense por Lugo debido ao traballo realizado na RMPL, dende o punto de vista social, recollendo o testigo de Arxentina , Milán(Italia), La Habana (Cuba), e Nazaré(Brasil) entre outros.

A noticia de que Lugo será a sede se da a coñecer en roda de prensa en outubro coa asistencia da Deputada da Subárea de Cultura.

Coincidindo co Día Mundial do Migrante o 18 de decembro do 2018 empezamos os preparativos. Primeiro a través do Congreso Internacional Musapalabra virtual e presencial inician os traballos de preparación da XX Conferencia Mundial de MINOM que se celebrará no Museo Pazo de Tor no mes de xuño de 2020.

Estamos ante un evento científico internacional de carácter histórico para Lugo, polo que consideramos que a XX Conferencia do Movemento Internacional para a Nova Museoloxía que leva por título “Cara una Museoloxía 4D: social, ambiental, política e economicamente sostible” precisamos coordinalo conxuntamente co Centro de Estudos de Historia da Cidade da USC.

Entre os avales do mesmo está ICOMOS e a Cátedra Unesco.

Con data 3 de marzo de 2019 iniciamos as xestións para a realización do convenio.



Por todo o exposto solicito:

Se asine de forma urxente un convenio de colaboración específico entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo a XX Conferencia Internacional de MINOM de acordo o orzamento económico que se adxunta .”

Por todo o exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e a USC para a execución dos fins comúns consistentes na organización da XX Conferencia Internacional de MINOM.

2º.- Aprobación do gasto en concepto de achega económica por parte da Deputación para o financiamento da actuación contemplada no convenio, por un importe de 14.999,00€ que queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, adquirindo a Deputación o compromiso de engadir no orzamento de 2020 a citada contía.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.-*Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación de Lugo e o concello de A Fonsagrada, para a execución de fins comúns consistentes en:Adecuación de Parque da Alameda.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adecuación de Parque da Alameda, que dispón o seguinte:

“A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 05/07/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Adecuación de Parque da Alameda.

En data 09/07/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de A Fonsagrada:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de novembro de 2019”.

Don Carlos López López, Alcalde do Concello de A Fonsagrada achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado de data 08/11/2019, a través do que manifesta “... debido a retraso na contratación da obra polos numerosos trámites e autorizacións administrativas previas que require a obra xa que se trata dunha zona verde e está no ámbito de influencia do Camiño de Santiago, polo que solicita prórroga ata o 30 de setembro de 2020 para a execución dos investimentos ...”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.



O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os



problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”- LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril. (...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das

Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de A Fonsagrada é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”



O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de A Fonsagrada segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de A Fonsagrada a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de A Fonsagrada tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de A Fonsagrada será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.



Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de setembro de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adecuación de parque da Alameda, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de setembro de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.-*Proposta de aprobación da terceira addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22 de marzo de 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 14 de novembro de 2019, relativo á segunda addenda do Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, no que literalmente se establece:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 22 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobación do texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na



promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, cun orzamento total de 32.670,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 15.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 15.000,00 € con cargo as aplicacións orzamentarias 9430.76255 por 12.000,00 € do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019, e o importe restante 3.000,00 € na aplicación 9420.76200 (queda supeditada a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, adquirindo o compromiso de engadir no orzamento do ano 2020 a citada contía”.

O Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, formalizouse o 27 de marzo de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 22 de abril de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula primeira, segunda, terceira e cuarta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, formalizouse o 25 de abril de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula primeira, segunda, terceira e cuarta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexía do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A segunda addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, formalizouse o 27 de setembro de 2019.

Advertido erro na cláusula primeira na denominación da descrición das actuacións obxecto do convenio, que onde di: “Delimitación do trazado orixinal do camiño de peregrinación” debería dicir: “Proxecto de delimitación do trazado orixinal do camiño de peregrinación”, ademais na cláusula cuarta debe adecuarse a documentación a achegar por parte do Concello como xustificación ao tipo de gasto realizado.

Pretendese a modificación das seguintes cláusulas:

- a) A cláusula primeira, sobre o obxecto.
- b) A cláusula cuarta, sobre o réxime económico coas aportacións anuais.

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedarían redactadas do seguinte xeito:

“Primeira.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo para a promoción e difusión da Vía Rexia do Norte:

ACTUACIÓN	CUSTO ESTIMADO
Proxecto de Delimitación do Trazado Orixinal do Camiño de Peregrinación	18.150,00
TOTAL ORZAMENTO	18.150,00



Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADES	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO DE MEIRA
ANO 2019	12.000,00	2.520,00
ANO 2020	3.000,00	630,00
TOTAL	15.000,00	3.150,00

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”.

Réxime económico.

“Achegas:

Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins, de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 9430.76255 e 9420.76200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2019 e 2020.

Achega do Concello:

O Concello de Meira, financiará as actuacións descritas con 2.520,00 €, no ano 2019 e 630,00 € no ano 2020, e asumirá o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa adecuada execución por conta propia e dos concellos de A Pontenova, Riotorto, Pastoriza, Castro de Rei e Lugo, da provincia de Lugo, de conformidade co convenio de colaboración asinado o 22 de marzo de 2017.

Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Meira será titular do resultado da cooperación da prestación en nome propio e por conta dos restantes concellos de A Pontenova, Riotorto, Pastoriza, Castro de Rei e Lugo nos termos e condicións do convenio asinado o 22 de marzo de 2017.

Xustificación da achega económica.

Unha vez finalizada cada actuación o Concello de Meira, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento, para cada actuación.

Facturas e acreditación dos pagos, que puideran ser posteriores a data límite para execución pero, en todo caso, dentro do prazo de xustificación.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo concello de Meira, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.



Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Meira non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tivese aboado un anticipo e o concello de Meira non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, o concello de Meira presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-****. Tamén procedera a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta.

Fotografías dos carteis/ pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobadas as contas xustificativas polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

O prazo para a presentación da conta xustificativa é o seguinte:

Para a actuación correspondente á anualidade do 2019 a data límite é o 30 de novembro de 2019.

Para a actuación correspondente á anualidade do 2020 a conta xustificativa deberá aportarse no prazo de dous meses a contar dente a finalización da actuación.

Anticipo.

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, en cada exercicio económico, con dispensa de garantía, de ata o 50% da cantidade achegada pola Deputación, e neste caso o concello de Meira deberá achegar a seguinte documentación:

Solicitud do anticipo.

Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que o concello de Meira non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización do fin común, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.



Non se concederá anticipo ata que estea xustificada a anualidade anterior.”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Cooperación suscrito con data 27 de marzo de 2019, esta terceira addenda, a cal se rexiría polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articulada, esta última e neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as

administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica. Neste sentido compre citar a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, estable o seu obxecto a definicións, precisando no paragrafo 2º dese artigo primeiro que o patrimonio cultural de Galicia esta constituído polos seus mobles, inmoables, ou manifestación inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico documental ou bibliográfico debeu ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade na cultura galega a través do tempo (...).

O artigo 3.2, sobre colaboración interadministrativa, establece que as entidades que



integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia, que se localicen no seu ámbito territorial, teñen, entre outras, a obriga de:

Protexer, difundir e fomentar o seu valora cultural (...).

Exercer, asemade, as demais funcións que teñan expresamente en virtude desa mesma Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Esta Lei dedica o seu título VI aos Camiños de Santiago: o concepto dos camiños, a súa natureza (como nas de dominio e uso público), a súa protección, delimitación, usos, etc. (...)

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 13 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

No Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, establece o seguinte:

Cláusula quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 19, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Cláusula sexta.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Polo que cabe a súa modificación dado que o convenio aínda está vixente.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

O órgano competente do ente provincial para a aprobación desta segunda addenda do convenio de Cooperación é á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.b)18. do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), así como o establecido- por analoxía- na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores a 15.000,00 €.

Por todo o exposto e constado, nos datos que obran no expediente un erro na denominación da actuación, infórmase favorablemente a modificación da cláusula primeira e consecuentemente da cuarta do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela nos termos da segunda



addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de referencia.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula primeira e a cláusula cuarta do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.-*Proposta relativa á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 20 de novembro de 2019, no que literalmente se establece:

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 3 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 37.772,57 € a favor da entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, subvención incluída na Liña 4.2- Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Aprobar o gasto de 37.772,57 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”.

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, polo importe de 37.772,57€, correspondente á anualidade 2019, formalizouse o 14 de maio de 2019.

O Presidente da Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende remitiu escritos, o 7 de novembro de 2019, o 14 de novembro e o 19 de novembro no que, literalmente, se solicita: “la ampliación del plazo de ejecución hasta el 31 de marzo”.

Deste xeito, preténdese a modificación da cláusula terceira do citado convenio, que quedaría redactada no seguinte senso:

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da acción ou proxecto ascende á cantidade total de 39.760,60€, de acordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.



A contratación de persoal para o desenvolvemento da devandita actuación non implica relación laboral algunha entre os traballadores e a Deputación, polo que non poderá esixirse a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2019 e ata o 31 de marzo de 2020.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Son gastos realizados, e por tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou as súas prórrogas, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pago.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.”

Consideracións xurídico- administrativas:

Na cláusula undécima (vixencia do Convenio e modificación) da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, na anualidade 2019, establécese que:

“A vixencia do convenio estenderase ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

(...)

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da



execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, correspondente á anualidade 2019 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, informase favorablemente a devandita modificación no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula terceira (Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionable), do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construción e equipamento de pista polideportiva”, na anualidade 2019, asinado o 14 de maio de 2019, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta para aprobar a addenda ao convenio de cooperación entre esta Deputación de Lugo e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na celebración de EQUIGAL, Salón Internacional do Cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO a rural2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece o seguinte:

En relación co asunto de referencia emito o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 4 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, cun orzamento total de 66.500,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 60.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 60.000,00€ con cargo as aplicacións orzamentarias 4311.48903 (40.000,00 €) e 4190.48903 (20.000,00€) do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

O convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, formalizouse o 10 de outubro de 2019.

No rexistro xeral da Entidade tivo entrada, o 29 de outubro de 2019 escrito, da Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, no que se solicita literalmente o seguinte: “(...) a modificación do convenio de cooperación e nos concedan un anticipo das aportacións comprometidas para EQUIGAL, Salón Internacional do Cabalo de Galicia e de EXPOLUGO A Rural 2019 debido as dificultades de carácter económico para afrontar o pagamento pola súa realización, para esta Fundación é imprescindible un anticipo das achegas económica comprometidas”.

Fundamento de dereito



No artigo 49 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público recollese literalmente que:

“Los convenios a los que se refiere el apartado 1 del artículo anterior deberán incluir, al menos, las siguientes materias:

(...)

g) El régimen de modificación del convenio. A falta de regulación expresa la modificación del contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes.

(...).”

No convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireiras e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, formalizado o 10 de outubro de 2019, establece o seguinte:

Na cláusula Oitava.- Vixencia do convenio

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 19, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Novena.- Modificacións

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente”.

Pretendese a modificación da cláusula quinta –réxime económico e titularidade dos resultados, que quedaría redactada no seguinte senso:

“Quinta.-Réxime económico e titularidade dos resultados

“(…)

B.- Xustificación da achega económica

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo achegará á Deputación de Lugo, como data límite o día 31 de marzo de 2020, unha conta xustificativa para cada unha das liñas, que terá o seguinte contido:

(...).

D.- Anticipo

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, con dispensa de garantía, de ata o 50% das cantidades achegadas pola Deputación, previa solicitude que deberá ser acompañada da seguinte documentación:

Solicitude do anticipo.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.



Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o texto e o gasto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, formalizado o 10 de outubro de 2019.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario alega dificultades económicas para facer fronte aos pagos, e que a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, informase favorablemente a devandita modificación no sentido indicado.

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda ao convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, formalizado o 10 de outubro de 2019, nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.-*Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o concello de Vilalba para a “Difusión cultural nas festas patronais” (Ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

(...)

“En relación co escrito, presentado por dona María Elba Veleiro Fernández, en nome e representación do Concello de Vilalba, con data 17/07/19 mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Difusión Cultural nas Festas Patronais”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos Xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Difusión Cultural nas Festas Patronais” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con



efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns consisten en:

Unha actuación dunha formación musical, de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, que combina música popular galega, folk e danza, que terá lugar o 6 de setembro de 2019.

Unha actuación para nenos no auditorio municipal, que será a cargo da compañía Malasombra Producións, o día 28 de agosto de 2019.

En canto á necesidade e oportunidade de suscripción deste convenio, procede sinalar que estas actividades enmárcanse nas festas patronais de Vilalba (San Ramón e Santa María), e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, polo que contribúe a poñer en valor os nosos artistas e nosa música tradicional, ademais de ser unha actuación de diversión.

En canto ao seu impacto, teñen unha repercusión comarcal, chegando a un público potencial de 50.000 habitantes, aínda que tamén veñen á vila persoas doutras localidades, especialmente de As Pontes de García Rodríguez, Mondoñedo, e da Mariña Lucense.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Vilalba, comprométese a realizar as achegas económicas que poidan superar o orzamento previsto.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Difusión Cultural nas Festas Patronais”

(ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Difusión Cultural nas Festas Patronais” (ano 2019) por importe total de 15.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Vilalba, para sufragar os gastos derivados da “Difusión Cultural nas Festas Patronais”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo ao C.D. Burela Fútbol Sala co obxecto de colaborar na actividade: “I Copa de la Reina Fútbol Sala Femenino”, ano 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao C.D. Burela Fútbol Sala para sufragar os gastos derivados da actividade: “I Copa de la Reina Fútbol Sala Femenino”, durante a anualidade 2019, polo importe de 21.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.



Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017– 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, o Deputado que suscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 21.000,00 €, a favor da entidade C.D. Burela Fútbol Sala para sufragar gastos derivados da actuación “I Copa de la Reina Fútbol Sala Femenino”, subvención incluída na

liña 4.2 que leva por título "Deportes" da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 21.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade C.D. Burela Fútbol Sala, para sufragar gastos derivados da actuación “I Copa de la Reina Fútbol Sala femenino”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.-*Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta. Deputación de Lugo á SD Xove F.S. co obxecto de colaborar na actividade: “Gastos tempada fútbol sala”, ano 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á SD Xove F.S. para sufragar os gastos derivados da actividade: “Gastos tempada fútbol sala”, durante a anualidade 2019, polo importe de 15.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.



Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017– 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor da entidade SD Xove F.S. para sufragar gastos derivados da actuación “Gastos tempada fútbol sala”, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade SD Xove F.S., para sufragar gastos derivados da actuación “Gastos tempada fútbol sala”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN DE INTERESES DE DEMORA FORMULADA POR GONI, S.L. (OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN NA RVP ZONA 7).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Deputación provincial aprobou a declaración de emerxencia da execución de operacións de conservación da RVP na zona 7 cun límite de 50.000 € sen prexuízo da súa ampliación previos os acordos ó efecto.

A unidade xestora emitiu informe relativo ó incremento da cuantía para as ditas operacións con data 19 de decembro de 2018, constando así mesmo informe do departamento de contratación sobre dita incidencia de data 31 de decembro de 2018, propoñendo a declaración de emerxencia das actuacións xa executadas.

A Xunta de Goberno local con data de 31 de decembro de 2018 en trámite de aprobación de expedientes de gasto, apreciou a emerxencia, recoñeceu a obriga e acordou tramitar o pago de 79.530,54 € polos servizos prestados na execución de operacións de conservación da RVP na zona 7.

Excavaciones Goni SL formulou reclamación de cantidade por intereses de demora no pago do principal con data de 18 de xuño de 2019 por importe de 3.269,64 €.



Sobre dita reclamación, consta emitido informe xurídico polo servizo de contratación e fomento co conforme da Secretaria Xeral, e a Intervención Provincial con IV6R4XLCCA5STP6Z6N4XKFKRMU do seguinte teor literal:

“Informe xurídico

Asunto: Reclamación de cantidade por intereses de demora formulado pola entidade GONI SL (operacións de conservación na RVP zona 7).

Consta como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente:

A declaración de emerxencia da execución de operacións de conservación da RVP na zona 7 cun límite de 50.000 € sen prexuízo da súa ampliación previos os acordos ó efecto.

Informe de unidade xestora relativo ó incremento da cuantía para as ditas operacións de data 19 de decembro de 2018, informe do departamento de contratación sobre dita incidencia de data 31 de decembro de 2018, proponendo a declaración de emerxencia das actuacións xa executadas.

Acordo da Xunta de Goberno local de 31 de decembro de 2018 de aprobación de expedientes de gasto, apreciando a emerxencia, recoñecendo a obriga, tramitación do pago de 79.530,54 € polos servizos prestados.

Reclamación de cantidade por intereses de demora formulada o 18 de xuño de 2019 por Excavaciones Goni SL por importe de 3.269,64 €.

O respecto compre informar:

Que segundo se desprende da reclamación o pago do principal produciuse con data de 28 de xaneiro de 2019, respecto de cantidades recoñecidas con data 31 de decembro de 2018 polo tanto entre unha e outra data mediaron 28 días naturais.

Que segundo se dispón no art. 197 a obriga de aboar o prezo se establece no prazo dos 30 días seguintes á aprobación dos documentos que acrediten a conformidade respecto do servizo executado.

Que o recoñecemento de dita execución se produciu con data de 31 de decembro, sen constar acordo previo habilitante como esixía o acordo polo que se lle adxudicaba a actuación de emerxencia, que establecía para o caso de incremento do orzamento por encima dos 50.000€.

O respecto a xurisprudencia ten sinalado, que o inicio do cómputo para o devengo de intereses non se produce nos termos da reclamación de excavaciones Goni SL, senón dende o momento da convalidación do gasto (STS 2 de xullo de 2004) , que nas prestacións nas que non se teñen respetado as formalidades establecidas no contrato non se poden aplicar as regras establecidas para as relacións xurídico obrigacionais que respetan as regras da contratación pública (STS 24 de outubro de 2005).

Nos fundamentos desta xurisprudencia se atopa o lóxico razoamento de que o reclamante ten obtido pola prestación, de xeito directo, unha cantidade relevante (que podería ter alcanzado cando menos 129.530,54€). É dicir, se recoñece que o contratista debe recibir a retribución polo servizo efectivamente prestado (segundo antiga doutrina consolidada, basta a modo de cita a STS de 22 de setembro de 1986), sen que a falta de previa habilitación para a execución de mais traballos, poida operar empecendo a obriga da administración de atender ó pago de dito principal.

Non obstante , debe recordarse que dito prezo se obtivo polo contratista sen ter concurrido a proceso algún e de xeito directo, sen cumprir o requisito da previa aprobación que habilitase a ampliación das prestacións, feito, este último, que se torna relevante ós efectos de facer improcedente a atención das cantidades reclamadas en concepto de intereses de demora tal e como sinala a Sentenza da Audiencia Nacional de 14 de setembro de 2016 :

“de ahí tamén que no proceda la aplicación de los preceptos de la Legislación de Contratos del Sector Público invocados por la apelante y relativos al abono de intereses de demora por pago tardío de la Administración, pues tal y como declara la jurisprudencia que se recoge en la sentencia apelada, tales preceptos están pensados para supuestos de "normalidad" contractual”



Dita doutrina, refire por tanto, que o contratista é coñecedor das peculiaridades dunha contratación de emerxencia, á vez que resulta coñecedor de ditas prestacións cando atende ós encargos de actuación, o que de novo tal e como sinala o Consejo Consultivo en ditame 358/2009 con cita entre outros do 18/1995, fai improcedente o pago de intereses como sinala a STS de 2 de xullo de 2004:

"los intereses de las obras realizadas fuera del contrato solo se podían devengar a partir de la convalidación definitiva de la obra, pues hasta ese momento la Administración no podía abonar el importe de las mismas, y si bien es cierto que las obras las había recibido con anterioridad, no cabe olvidar, que el contratista también sabía, que esas obras realizadas fuera del contrato exigían los trámites oportunos, incluida su convalidación, y por tanto se puede incluso presumir, que el contratista al realizar las obras, fuera del contrato, aceptaba que la obligación de la Administración de abonarlas no surgía hasta que se cumplimentaran los trámites oportunos "

Así mesmo compre recordar que o reclamante, veu satisfeito o principal dentro do prazo de 30 días dende o recoñecemento das obrigas polo que non procede o pago de intereses tal e como se desprende da STSJ de Madrid de 25 de xullo de 2015 que establece, con cita de outras:

".....el contratista también sabía, que esas obras realizadas fuera del contrato exigían los trámites oportunos, incluida su convalidación, y por tanto se puede incluso presumir, que el contratista al realizar las obras, fuera del contrato, aceptaba que la obligación de la Administración de abonarlas no surgía hasta que se cumplimentaran los trámites oportunos".

Procede en fin, na opinión deste informante, desestimar reclamación formulada, considerando así mesmo que o pago do principal das cantidade xurdidas, se realizou no prazo de 28 días dende o recoñecemento da obriga o que fai decaer a pretensión do reclamante, dacordo co disposto na normativa e xurisprudencia citada ó longo do presente.

Conclusión:

Visto que segundo os informes e antecedentes citados non procede atender a solicitude formulada por Excavaciones Goni SL, propono que a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación adopte o seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de cantidades por intereses de demora formulada por Excavacións Goni SL por importe de 3.269,64 €. con relación ó servizo de operacións de conservación na RVP zona 7.

Notificar a presente a Excavaciones Goni SL con indicación de que Contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que o dictou ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante xulgado contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes desde a interposición do mesmo sen que fora notificado, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante xulgado contencioso administrativo no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa en relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo común e das Administracións Públicas.

Dar traslado do presente, a intervención municipal e ó servizo de contratación e Fomento.

Considerando os antecedentes e o informe incorporado ó expediente propono á Xunta de Goberno local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a reclamación de cantidades por intereses de demora formulada por Excavacións Goni SL por importe de 3.269,64 €, con relación ó servizo de operacións de conservación na RVP zona 7.



2º.- Notificar a presente a Excavaciones Goni SL con indicación de que Contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que o dictou ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante xulgado contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes desde a interposición do mesmo sen que fora notificado, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa en relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo común e das Administracións Públicas.

3º.- Dar traslado do presente, á intervención municipal e ó servizo de contratación e Fomento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/ OU MATERIAL NO INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes ó servizo de mantemento de ascensores dos distintos centros desta Deputación (Pazo Provincial de San Marcos, Museo Provincial, Fundación Tic e Pazo de Tor), durante o período comprendido dende o 01/08/2018 ata o 31/12/2018, en execución da Resolución da Presidencia de data 21/10/2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 14/11/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		DATA DILIXENCIA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Zardoya Otis, S.A.	7L70029M	31/08/2018	01/10/2018	26.444	21/02/2019	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97274M	30/09/2018	01/10/2018	26.438	21/02/2019	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92299M	31/10/2018	06/11/2018	29.317	21/02/2019	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19879M	30/11/2018	04/12/2018	32.655	07/03/2019	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47365M	31/12/2018	18/01/2019	1.256	07/03/2019	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70032M	31/08/2018	01/10/2018	26.441	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97277M	30/09/2018	01/10/2018	26.432	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92302M	31/10/2018	06/11/2018	29.315	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19882M	30/11/2018	04/12/2018	32.653	07/03/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47368M	31/12/2018	18/01/2019	1.254	07/03/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70030M	31/08/2018	01/10/2018	26.443	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97275M	30/09/2018	01/10/2018	26.435	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/09/2018 ó 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92300M	31/10/2018	06/11/2018	29.316	21/02/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19880M	30/11/2018	04/12/2018	32.656	07/03/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47366M	31/12/2018	18/01/2019	1.257	07/03/2019	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/12/2018 ó 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70031M	31/08/2018	01/10/2018	26.446	21/02/2019	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97276M	30/09/2018	01/10/2018	26.439	21/02/2019	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92301M	31/10/2018	06/11/2018	29.318	21/02/2019	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19881M	30/11/2018	04/12/2018	32.654	07/03/2019	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47367M	31/12/2018	18/01/2019	1.258	07/03/2019	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
TOTAL						1.196,40 €	

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro Xeral de Entrada e con dilixencia do Servizo de Arquitectura de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia naquelas datas.



Declaración responsable asinada en data 04/10/2019 polo representante de Zardoya Otis, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incursa na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas da Xefa do Servizo de Arquitectura, de datas 20/02/2019, 07/03/2019 e 01/07/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións.

Informe do Servizo de Arquitectura de data 11/06/2019, no que se dí que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias e os prezos aplicados axústanse ao mercado, xa que dita empresa aplicou os mesmos prezos unitarios polos que se tiña adxudicado o contrato de mantemento que finalizara o día 31 de xullo do 2018 (Proposta de contrato menor M1 do Servizo de Arquitectura, dun importe total de 2.871,33 €, con informe de intervención de data 13/07/2017).

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 25/06/2019, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas para cada unha das facturas, todos eles de data 28/05/2019, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

Resolución da Presidencia de data 21/10/2019, levantando o reparo de Intervención a distas facturas, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 17/10/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Facturas obxecto do presente informe:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Zardoya Otis, S.A.	7L70029M	31/08/18	108,78	9200.212
Zardoya Otis, S.A.	7L97274M	31/09/18	108,78	9200.212
Zardoya Otis, S.A.	7M92299M	31/10/18	108,78	9200.212
Zardoya Otis, S.A.	7N19879M	30/11/18	108,78	9200.212
Zardoya Otis, S.A.	7N47365M	31/12/18	108,78	9200.212
Zardoya Otis, S.A.	7L70032M	31/08/18	54,39	3241.212
Zardoya Otis, S.A.	7L97277M	30/09/18	54,39	3241.212
Zardoya Otis, S.A.	7M92302M	31/10/18	54,39	3241.212
Zardoya Otis, S.A.	7N19882M	30/11/18	54,39	3241.212
Zardoya Otis, S.A.	7N47368M	31/12/18	54,39	3241.212
Zardoya Otis, S.A.	7L70030M	31/08/18	54,39	3330.212
Zardoya Otis, S.A.	7L97275M	30/09/18	54,39	3330.212
Zardoya Otis, S.A.	7M92300M	31/10/18	54,39	3330.212
Zardoya Otis, S.A.	7N19880M	30/11/18	54,39	3330.212
Zardoya Otis, S.A.	7N47366M	31/12/18	54,39	3330.212
Zardoya Otis, S.A.	7L70031M	31/08/18	21,72	3332.212
Zardoya Otis, S.A.	7L97276M	30/09/18	21,72	3332.212
Zardoya Otis, S.A.	7M92301M	31/10/18	21,72	3332.212
Zardoya Otis, S.A.	7N19881M	31/11/18	21,72	3332.212
Zardoya Otis, S.A.	7N47367M	31/12/18	21,72	3332.212
SUMA			1.196,40	

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe da Xefa do Servizo de Arquitectura, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:



Trátase de gastos realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 1.196,40 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.196,40 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os

extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 3 de xullo do 2019, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2C) do TRLRFL.

Recibido neste servizo informe de Intervención de data 3 de xullo do 2019 no que se pon de manifesto “nota de reparo... por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano”.

Segundo as instrucións do mesmo informe, polo Servizo de Arquitectura e segundo o regulado polo artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, o órgano ó que afecte o reparo cando non estea de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia, que deberá estar motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio, emítase o seguinte



Informe:

O 12 de xullo de 2017, o Servizo de Arquitectura confecciona unha proposta para contratar coa empresa habilitada para o mantemento anual dos aparatos elevadores dos Centros dependentes da Deputación, na que se propón a adxudicación do contrato anual a favor da empresa Zardoya Otis, S.A. por ser a oferta económica máis vantaxosa, que ascende á cantidade de 2.871,33 €, I.V.E. incluído. O 31 de xullo de 2017 fírmase a Acta de aceptación e comenzo do servizo, cunha duración dun ano.

O 4 de maio de 2018, ante a próxima finalización, (31 de xullo de 2018), do obrigatorio contrato de mantemento dos ascensores instalados nos centros dependentes desta Administración, remítese ó Servizo de Contratación Informe e Prego de Prescricións Técnicas (nº RI 1892/2048) solicitando a publicación para levar a cabo a contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores ubicados en diversos centros pertencentes a esta entidade.

O 11 de xuño de 2018, o Servizo de Contratación solicita ó Servizo de Arquitectura a emisión do informe relativo á singularización do prezo anual máximo polo mantemento para cada aparato e por Centro. Emítese informe remitíndose ó Servizo de Contratación o mesmo día 11 de xuño.

O 12 de xullo emítese informe á Intervención Provincial, RI 2960/2019, relativo ós custos directos e indirectos e eventuais para o concurso de adxudicación do contrato de mantemento dos aparatos elevadores.

Ante a dilación no tempo para efectuar unha nova adxudicación do contrato de mantemento dos aparatos elevadores, e, para non privar do funcionamento de ditos aparatos ós usuarios dos edificios dada a obrigatoriedade de ter contratado un servizo de mantemento segundo o Real Decreto 1314/1997, de 1 de agosto polo que se modifica o Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención aprobado por Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro, Real Decreto 57/2005, de 21 de xaneiro, polo que se establecen prescricións para o incremento da seguridade do parque de ascensores existente, e o Real Decreto 88/2013, de 8 de febreiro, polo que se aproba a Instrucción

Técnica Complementaria AEM 1 “Ascensores” do Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención, óptase por solicitar á empresa Zardoya Otis que siga prestando o servizo de mantemento ós elevadores, exclusivamente ata en tanto se realice a adxudicación do novo contrato, e despois de habelo consultado cos Servizos de Contratación e Intervención, coñecedores de tal circunstancia, y de acordo con eles. Ambos servizos (Contratación e Fomento e Intervención) foron coñecedores de ambas circunstancias dende o 4 de maio de 2018, data na que se enviou a documentación para iniciar a tramitación dun novo contrato.

De que o contrato de mantemento dos ascensores finalizaba o día 31 de xullo.

De que os ascensores funcionaron despois desta data e que para elo estabamos obrigados a ter un contrato de mantemento.

O 1 de xaneiro de 2019, fírmase a Acta de Inicio da prestación de servizos do contrato nº EXP0020SE18-ABO de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación de Lugo por un prazo de dous anos prorrogables por outros dous e por un importe de 2.694 euros/ano (I.V.E. excluído).

Finalmente, o 20 de febreiro, emítase informe de necesidade e memorias xustificativas sobre as facturas que a empresa ZARDOYA OTIS, S.A. emitiu exclusivamente polo período comprendido entre a finalización do contrato menor con nº de Rexistro Interno 4541/2017, é dicir o 31 de xullo de 2018, e a entrada en vigor do novo contrato de mantemento, EXP0020SE18-ABO, o 1 de xaneiro de 2019, completado e refundido posteriormente a petición do Servizo de Intervención en informes de datas 7 de marzo, 11 de xuño e 1 de xullo.

O Servizo de Arquitectura non ten competencia para discutir o informe da Intervención Provincial que asume plenamente, querendo deixar constancia únicamente de que:

Actuouse conforme á normativa reguladora sobre construción e mantemento de instalacións de edificación para garantir a seguridade das persoas e,



O Servizo de Intervención era coñecedor da situación do funcionamento dos aparatos elevadores instalados nos edificios dependentes da Deputación de cuxo correcto funcionamento é responsable o Servizo de Arquitectura, como mínimo dende o catro de maio de 2019, data na que se iniciaron os trámites para facer o novo contrato.(...)”

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 25/06/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo (EXP0020SE18-ABO), de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.As demoras producidas na adxudicación deste servizo, ultimada na actualidade, se produciron no tanto se concluíu o procedemento de contratación.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora, e da que consta a súa realización, e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado, segundo se recolle no xa mencionado informe do Servizo de Arquitectura de data 11/06/2019.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións nas condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Cómpre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto á presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na Base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2019.

As vinte facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (art. 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato. A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial, que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, á interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.



Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, por un importe total de 1.196,40 €, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Zardoya Otis, S.A.	7L70029M	31/08/2018	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97274M	30/09/2018	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92299M	31/10/2018	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19879M	30/11/2018	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47365M	31/12/2018	108,78 €	Servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70032M	31/08/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97277M	30/09/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92302M	31/10/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19882M	30/11/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47368M	31/12/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70030M	31/08/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97275M	30/09/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/09/2018 ó 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92300M	31/10/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19880M	30/11/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47366M	31/12/2018	54,39 €	Servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, dende o 01/12/2018 ó 31/12/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L70031M	31/08/2018	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7L97276M	30/09/2018	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7M92301M	31/10/2018	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N19881M	30/11/2018	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018.
Zardoya Otis, S.A.	7N47367M	31/12/2018	21,72 €	Servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018.
TOTAL			1.196,40 €	

Así mesmo procederase a dar traslado deste acordo, á unidade xestora.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizo, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Zardoya Otis, S.A., dun importe total de 1.196,40 €:

Correspondentes ó servizo de mantemento de ascensores do Pazo de San Marcos, cada unha delas dun importe total de 108,78 €:

Nº 7L70029M, de data 31/08/2018 (mantemento dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018).

Nº 7L97274M, de data 30/09/2018 (mantemento dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018).

Nº 7M92299M, de data 31/10/2018 (mantemento dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018).

Nº 7N19879M, de data 30/11/2018 (mantemento dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018).

Nº 7N47365M, de data 31/12/2018 (mantemento dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018).

Correspondentes ó servizo de mantemento do ascensor das instalacións da Fundación Tic, cada unha delas dun importe total de 54,39 €:

Nº 7L70032M, de data 31/08/2018 (mantemento dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018).

Nº 7L97277M, de data 30/09/2018 (mantemento dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018).

Nº 7M92302M, de data 31/10/2018 (mantemento dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018).

Nº 7N19882M, de data 30/11/2018 (mantemento dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018).

Nº 7N47368M, de data 31/12/2018 (mantemento dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018).

Correspondentes ó servizo de mantemento do ascensor do Museo Provincial de Lugo, cada unha delas dun importe total de 54,39 €:



Nº 7L70030M, de data 31/08/2018 (mantemento dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018).

Nº 7L97275M, de data 30/09/2018 (mantemento dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018).

Nº 7M92300M, de data 31/10/2018 (mantemento dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018).

Nº 7N19880M, de data 30/11/2018, (mantemento dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018).

Nº 7N47366M, de data 31/12/2018 (mantemento dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018).

Correspondentes ó servizo de mantemento do ascensor do Pazo de Tor, cada unha delas dun importe total de 21,72 €:

Nº 7L70031M, de data 31/08/2018 (mantemento dende o 01/08/2018 ata o 31/08/2018).

Nº 7L97276M, de data 30/09/2018 (mantemento dende o 01/09/2018 ata o 30/09/2018).

Nº 7M92301M, de data 31/10/2018 (mantemento dende o 01/10/2018 ata o 31/10/2018).

Nº 7N19881M, de data 30/11/2018 (mantemento dende o 01/11/2018 ata o 30/11/2018).

Nº 7N47367M, de data 31/12/2018 (mantemento dende o 01/12/2018 ata o 31/12/2018).

Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes ó servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil– Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño– Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 24/03/2018 ata o 07/05/2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 19/11/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/2018	22/11/2018	2018/4637	21.356,84 €	Servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil – Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño – Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 24/03/2018 ata o 02/04/2018.
Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E.	DL-003	15/11/2018	28/12/2018	2018/5181	40.097,02 €	Servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil – Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño – Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 03/04/2018 ata o 07/05/2018.
TOTAL					61.453,86 €	

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia so Servizo de Turismo (de data 27/12/2018 no caso da factura de Hemisferios, S.L. e de data 31/12/2018 no caso da factura de Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E.) de que os servizos están prestados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura naquelas datas.

Declaración responsable asinada polo representante de Hemisferios, S.L., e declaración responsable asinada polo representante de Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E. ambas en data 05/07/2019, en modelo normalizado, de que ditas entidades teñen plena capacidade de obrar e dispoñen de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopan incursas na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Para cada unha das facturas:



Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 20/02/2019, en relación coa existencia doutros contratos menores dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018, que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato.

Memoria xustificativa de data 24/06/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida dende o Servizo de Turismo.

Informe do Coordinador de Rutas Fluviais, de data 24/06/2019, xustificando a necesidade de realización das prestacións.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 03/09/2019, en relación coa existencia de crédito dispoñible no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 18/4321.22799.

Solicitud de fiscalización por parte do Servizo de Contratación e Fomento, de data 12/09/2019.

Conformidade de data 13/09/2019, da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, para continuar coa tramitación da factura.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18/09/2019, no que consta a xustificación por parte do órgano de contratación, da necesidade de realización das prestacións.

Informe de intervención de data 19/09/2019, sobre recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

Informe do Servizo de Turismo, de data 08/10/2019, en relación co informe de intervención mencionado no apartado anterior.

Resolución da Presidencia de data 07/11/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 05/11/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Facturas obxecto do presente informe:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IVE DEDUCIBLE	APLICACIÓN
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/18	17.650,30	3.706,54	4321.22799
Hemisferios, S.L.	DL-003	15/11/18	33.138,07	6.958,95	4321.22799
SUMA			50.788,37	10.665,49	

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe da Xefa do Servizo de Cultura e Turismo, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 50.788,37 € máis 10.665,49 € en concepto de IVE deducible, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a



tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 50.788,37 euros, máis 10.665,49 € en concepto de IVE deducible. Total: 61.453,86 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, así como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Así mesmo, con data 23/10/2019, dende Intervención, emendouse erro detectado no informe anterior, do seguinte xeito:

“Habéndose detectado erro no informe desta Intervención de data 18 de setembro de 2019 referente a <recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL>, procede efectuar a emenda seguinte:

Onde dí:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IVE DEDUCIBLE	APLICACIÓN
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/18	17.650,30	3.706,54	4321.22799
Hemisferios, S.L.	DL-003	15/11/18	33.138,07	6.958,95	4321.22799
SUMA			50.788,37	10.665,49	

Debe dicir:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IVE DEDUCIBLE	APLICACIÓN
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/18	17.650,30	3.706,54	4321.22799
Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E.	DL-003	15/11/18	33.138,07	6.958,95	4321.22799
SUMA			50.788,37	10.665,49	



Informe da unidade xestora de data 08/10/2019, relativo ao informe de intervención de data 19 de setembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

“Recibiuse no Servizo de Turismo o informe do Servizo Intervención de data 19 de setembro de 2019 no que se pon de manifesto <nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor>.

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IVE DEDUCIBLE	APLICACIÓN
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/18	17.650,30	3.706,54	4321.22799
Hemisferios, S.L.	DL-003	15/11/18	33.138,07	6.958,95	4321.22799
SUMA			50.788,37	10.665,49	

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo con este, plantexará ao Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio, de xeito que, polo Servizo de Turismo, se emite o seguinte

Informe:

Con data 22/11/18 se recibiron dúas facturas correspondentes ao <Servizo de Funcionamento das Rutas Fluviais nos embarcadoiros de Doade e Belesar Pobo> referidas ao período dende o 24 de marzo ata o 2 de abril, así como ao período dende o 3 de abril ata o 7 de maio de 2018, respectivamente.

Con data 12 de xaneiro de 2018 a Xunta de Goberno aprobou os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas para a contratación dos servizos necesarios para o

funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (río Sil– embarcadoiro de Doade) e Os Peares (río Miño– embarcadoiro de Belesar Pobo) na tempada 2018, emitidos previamente os informes preceptivos pola Intervención e pola Secretaría Xeral.

Con data 17 de xaneiro de 2018 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data límite de presentación de ofertas o 26 de febreiro de 2018.

Debido, principalmente, a que se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento dilatouse no tempo de xeito imprevisible.

Con data 6 de abril de 2018 adxudicouse á U.T.E. Hemisferios, S.L.– Naviera Illa de Ons, S.L., o mencionado contrato con base aos criterios de mellor oferta relación calidade– prezo establecidos nos pregos.

Con data 8 de maio de 2018, unha vez entregada pola adxudicataria a preceptiva documentación, formalizouse o contrato, dando comezo ao mesmo.

Ante o número considerable de reservas recibidas para Semana Santa, fíxose necesario iniciar a prestación do servizo na segunda quincena do mes de marzo de 2018, coincidindo coa tempada alta de Semana Santa, momento de repunte álxido no funcionamento das Rutas Fluviais.

Unha vez coñecido o resultado das puntuacións nas ofertas, resultando a máis vantaxosa en relación calidade– prezo a presentada pola U.T.E. Hemisferios, S.L.– Naviera Illa de Ons, S.L., e por indicación do Sr. Deputado de Turismo e Cultura (...), encargóuselle á adxudicataria prestar o servizo ata a sinatura do contrato.

Dado que a U.T.E. non estaba aínda constituída como tal, acordouse que iniciase o servizo unha das empresas que conforman a U.T.E. (Hemisferios, S.L.) ata que esta estivera constituída e tivera capacidade xurídica e de obrar.

O período total de prestación dos servizos facturados foi dende o 24 de marzo ata o 7 de maio de 2018, ambos inclusive.



O Servizo de Turismo non discute a nota de reparo formulada polo Servizo de Intervención no exercicio da súa función de control interno da xestión económica e orzamentaria, a asume na súa integridade, pero debe deixar constancia das seguintes circunstancias:

Seguiuse o procedemento previsto na normativa de contratación para a contratación dos servizos necesarios para o funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (río Sil– embarcadoiro de Doade) e Os Peares (río Miño– embarcadoiro de Belesar Pobo), contrato que está suxeito a regulación harmonizada e na que resultou adxudicataria unha U.T.E. constituída temporalmente ao efecto, que non estaba formalizada en escritura pública.

Para satisfacer a demanda de turistas e visitantes a esta comarca, que se puxo de manifesto no considerable número de reservas recibidas para a Semana Santa de 2018, así como por razóns de interese público provincial no funcionamento destas rutas fluviais ante este incremento de peticións, o Sr. Deputado de Turismo e Cultura (...), encargou iniciar a prestación do servizo na segunda quincena do mes de marzo de 2018 a unha das empresas que conformaban a U.T.E. (Hemisferios, S.L.) e prestar o servizo ata a sinatura do contrato, momento no que a U.T.E. estivera constituída e tivera capacidade xurídica e de obrar.”

Así mesmo, con data 30/10/2019, dende o Servizo de Turismo, emendouse erro existente no informe anterior, do seguinte xeito:

“Despois de ver o Informe do Servizo de Intervención emitido con data 23/10/19, no que se sinala que, habéndose detectado erro no seu Informe de data 18/09/2019 referente a <recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL>, e que procede emendar a denominación da entidade mercantil que emitiu a factura nº DL-003, por corresponder a Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L., U.T.E., débese informar, aos efectos oportunos, que o mesmo afectou ao encabezamento que precede ao Informe do Servizo de Turismo emitido con data 08/10/2019, en relación ao reparo suspensivo formulado polo Servizo de Intervención de dúas facturas emitidas polo <Servizo de Funcionamento das Rutas Fluviais nos embarcadoiros de Doade e Belesar Pobo>.”

Consideracións

Nas citadas solicitudes de fiscalización por parte deste Servizo de data 12/09/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do “Servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil– Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño– Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018” (EXP0001SE18-ABO), de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

As demoras producidas na adxudicación destes servizos (a acta de inicio é de data 08/05/2018, e o contrato rematou o 31/10/2018), se produciron no tanto se concluíu o procedemento de contratación.

Na actualidade, atópase en vigor o contrato asinado en data 26/04/2019 (EXP0003SE19-ABO), para o “Funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil– Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño– Embarcadoiro de Belesar Pobo), para a tempada 2019.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.



A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor, dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos

públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Hemisferios, S.L.	DHLR-01	15/11/2018	Servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil – Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño – Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 24/03/2018 ata o 02/04/2018.	21.356,84 €
Hemisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E.	DL-003	15/11/2018	Servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil – Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño – Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 03/04/2018 ata o 07/05/2018.	40.097,02 €
TOTAL				61.453,86 €

Así mesmo procederase a dar traslado deste acordo, á unidade xestora.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas, por un importe total de 61.453,86 €:

Factura emitida por Hermisferios, S.L., Nº DHLR-01 de data 15/11/2018, correspondente ó servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil– Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño– Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 24/03/2018 ata o 02/04/2018, dun importe total de 21.356,84 €.

Factura emitida por Hermisferios, S.L. y Naviera Illa de Ons, S.L. U.T.E., Nº DL-003 de data 15/11/2018, correspondente ó servizo necesario para o funcionamento das rutas fluviais nos embalses de Santo Estevo (Río Sil– Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño– Embarcadoiro de Belesar Pobo), tempada 2018, realizado dende o 03/04/2018 ata o 07/05/2018, dun importe total de 40.097,02 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado por o contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- LUGO.- Reparación de cubertas do Pazo de San Marcos.

Contratista: Construcciones López Urdi, S.L.U.

Director Técnico: Mónica Marras Mosquera.

Coordinador de Seguridad y Salud: José Manuel López Fernández.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/051.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/051, correspondente á SAT RIO nº 1258 XUGA(Castroverde), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,10Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.050,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Con data 4 de outubro a Xunta de Goberno acordou acceder á solicitude presentada con data de Rexistro de Entrada 14/06/2019, por D. Joaquín Fernández Arias, en nome e representación de SAT RIO nº 1258 Xuga, e aceptar o cambio de titularidade do beneficiario da Subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, por importe de 1.050,00 €, á S.A.T. Río 1258 XUGA, a favor de Ganadería Riolfé, S.L.



Ganadería Riolfé, S.L., presentou fora do prazo establecido a conta xustificativa correspondente á devandita subvención, con todo, realizou as actuacións en forma e condicións establecidas nas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Ganadería Riolfé, S.L., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/051, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.050,00€, así como ó aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra: FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)”. P.Q. 0,000 ao 4,350.

Rectificar a titularidade por erro material, das fincas nº 78, 102 e 108, aprobadas en Xunta de Goberno de 4 de outubro de 2019, no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
78	Avelino Pérez Álvarez, Manuel Pérez Álvarez, Manuel Freijo Álvarez, Margarita Pérez Álvarez, Mercedes Fernández Pérez, José Ignacio Samartino Pérez, María Benilde Pérez Álvarez, María Paz Samartino Pérez, José Manuel Álvarez Ron, Domitilia Álvarez Ron e Manuel Pérez Pérez	Avelino, Manuel, Margarita e María Benilde Pérez Álvarez; Manuel Freijo Álvarez; Mercedes Fernández Pérez; José Ignacio e María Paz Samartino Pérez; José Manuel e Domitilia Álvarez Ron
102	Manuel Villaverde	José Braña Flórez
108	Avelino Pérez Álvarez, Manuel Pérez Álvarez, José Ignacio Samartino Pérez, María Paz Samartino Pérez, María Benilde Pérez Álvarez e Margarita Pérez Álvarez	Avelino, Manuel, Margarita e María Benilde Pérez Álvarez; Manuel Freijo Álvarez; Mercedes Fernández Pérez; José Ignacio e María Paz Samartino Pérez; José Manuel e Domitilia Álvarez Ron

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS REPRESENTANTES DESIGNADOS CON ANTERIORIDADE POR ESTA DEPUTACIÓN PARA INTEGRAR O XURADO DO PREMIO OTERO PEDRAYO NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Visto o informe emitido pola Xefa do Servizo de Cultura e Turismo onde se dí (textualmente) que:

“1º.- Que na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 21 de xuño de 2019 aprobouse a seguinte proposta relativa ao Premio Otero Pedrayo, 2019:

Proposta relativa á aprobación pola Xunta de Goberno, se procede, da convocatoria e das bases, do gasto e do nomeamento de representantes da Deputación de Lugo no premio Otero Pedrayo, anualidade 2019.

Visto o informe do servizo de Cultura onde se indica que lle corresponde á Deputación Provincial de Lugo a organización do Premio Otero Pedrayo nesta anualidade 2019.



Visto a existencia de consignación Orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe favorable do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura, en funcións propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a convocatoria e mailas bases que rexerán no Premio Otero Pedrayo, anualidade 2019.

Aprobar o gasto correspondente por un importe de 26.000 € (vinteseis mil euros), segundo o seguinte desglose:

16.000 € para a aportación económica correspondente a aboar ao adxudicatario/a do Premio na anualidade 2019.

10.000 € correspondentes aos gastos de organización (3.000 euros) e publicidade (7.000 euros) que na anualidade 2019 puidesen ter lugar.

Aprobar a publicación da convocatoria e das bases , segundo o establecido no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2019, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Delegar en dona M^a del Pilar García Porto, deputada delegada de Cultura en funcións, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do premio “Otero Pedrayo 2019”.

Designar a don Primitivo Iglesias Sierra e a don Pablo Rivera Capón como vogais do xurado do premio “Otero Pedrayo 2019”.

Aprobar o inicio da tramitación para formalizar o correspondente convenio de colaboración coa Xunta de Galicia ao fin de articular a materialización do seu compromiso de aportación anual, por valor de 8.000 euros, nesta convocatoria do Premio Otero Pedrayo, 2019 organizado pola Deputación de Lugo.

Solicitar ás demais deputacións titulares instituintes do premio para que aproben as bases e para que acorden o seu compromiso de financiamento para esta anualidade.

(...)”.

2º.- Que ante o cambio organizativo acontecido no mes de xullo (do que se achega decreto) faise preciso modificar a designación dos membros integrantes do xurado do Premio Otero Pedrayo 2019, puntos cuarto e quinto da antiga proposta, relativos á designación dos membros do xurado do Premio de referencia organizado nesta anualidade pola Deputación de Lugo. De igual xeito, tamén se informa que estes cambios non supoñen modificación orzamentaria algunha.”

En base en todo o exposto, a Deputada delegada de Cultura, propón:

1º.- Modificar o punto cuarto da anterior proposta para delegar en dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de Cultura, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio Otero Pedrayo 2019.

2º.- Modificar o punto quinto da anterior proposta para designar a don Xosé Miranda Ruiz e a dona M^a del Pilar García Porto como novos vogais do xurado do Premio Otero Pedrayo 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



12.- PROPOSTA, SE PROCEDE, DA INCORPORACIÓN COMO MEMBRO INSTITUCIONAL DESTA DEPUTACIÓN Á REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIGENTES (RED DTI).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interno, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Dado que a Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Red DTI) trata de promover sinerxías e transferencias de coñecemento no sector turístico a través da innovación e da tecnoloxía ademais derealizar accións de asesoramento na aplicación da metodoloxía e o intercambio de experiencias e boas prácticas entre os seus membros.

Visto o informe da xefa do Servizo de Turismo sobre o asunto de referencia, onde se di:

“2.-A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI), constituíuse en febreiro do ano 2019 e forma parte dunha das actuacións clave da Secretaría de Estado de Turismo, co fin de contribuír á mellora da competitividade do sector turístico.

A data de hoxe, conforman esta rede preto de 73 destinos turísticos, dos cales cinco están en Galicia (Concellos de Ourense, Sanxenxo, Vilagarcía e as Deputacións de Pontevedra e Ourense).

Entre os obxectivos marcados desta rede están:

- a.-Promover a conversión dos destinos turísticos españois a destinos turísticos intelixentes.
- b.-Fomentar a colaboración público-pública e público-privada no desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos destinos turísticos intelixentes.
- c.-Contribuír a garantir o liderado de España en materia de intelixencia turística a través das actuacións que realice dita rede.
- d.-Garantir a calidade e a evolución do proxecto DTI.

As actuación desta Rede tamén están destinadas a fomentar a cooperación entre os seus membros, entre as accións que se pretenden realizar pódese destacar:

a.-Formar parte de alianzas estratéxicas que se xeren entre os destinos e o sector privado para o desenvolvemento de tecnoloxía e innovacións turísticas.

b.-Contar con un servizo de asistencia na implantación do proceso de conversión en Destino Turístico Intelixente.

c.-Asesoramento en materia de normalización e en implantación de selos como o SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos)

d.-Acceder a base de datos de axudas, subvencións e financiamento.

e.-Programas de formación e capacitación en materias relacionadas cos eixos da metodoloxía DTI.

f.-Dispor dun catálogo de provedores de solucións e servizos tecnolóxicos para destinos.

g.-Un servizo de novas e un repositorio de estudos e publicacións.

h.-Presenza e participación en feiras e foros nacionais e internacionais, así como outras redes.

3.-A adhesión a dita rede, que non suporá ningún compromiso económico, poderase facer en tres modalidades diferentes:

a.-Membros titulares: entidades locais, con arranxo á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que teñan recoñecida a condición de Destino Turístico Intelixente, e aquelas que iniciasen o procedemento de conversión nun Destino Turístico Intelixente segundo a metodoloxía aplicada por SEGITTUR coa elaboración da diagnose e plan de acción.

b.-Membros institucionais: as administracións públicas e os seus entes, organismos e entidades non incluídas no punto anterior, así como as asociacións, federacións e agrupacións de administracións e/ou entidades públicas, relacionadas cos DTI que traballen en ámbitos relacionados coa metodoloxía DTI.

c.-Membros colaboradores: persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, non comprendidas nos puntos anteriores, que polo seu coñecemento e ámbito de traballo poidan achegar valor ao desenvolvemento dos DTI.



4.-Dentro dos obxectivos específicos do Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017– 2020 está a innovación tecnolóxica, isto é, dotar ao sector turístico da provincia de Lugo das ferramentas necesarias para mellorar a eficacia na atención ao cliente no destino, da promoción turística e a comercialización de produtos turísticos.

A mesma rede DTI, entende os destinos turísticos intelixentes como un destino turístico innovador, consolidado sobre unha infraestrutura tecnolóxica da vangarda, que garante o desenvolvemento sostible do territorio turístico, accesible para todos, que facilita a interacción e integración do visitante coa contorna e incrementa a calidade da súa experiencia no destino e mellora a calidade de vida do residente.

Porén, o obxectivo de empregar a tecnoloxía como xeito de potenciar o turismo é un fin común na estratexia de ámbolos dos organismos e a xeración de sinerxias entre os membros da rede pode ser positiva para poder acadar unha maior eficiencia na culminación desta tarefa.

O contacto directo con destinos con características similares a provincia de Lugo, pode ser un elemento inspirador á hora de desenvolver e implantar as novas tecnoloxías aplicadas ao destino.

5.-Dende o servizo de Turismo da Deputación Provincial de Lugo, estase a desenvolver un programa de implantación dun sistema de información turística intelixente, a través de plataformas que estarán dispoñibles en diferentes dispositivos portátiles.

Ademáis, esta accións complementarase coa instalación, a modo de programa piloto, dunha rede de sinalización turística intelixente no casco histórico da cidade de Lugo; que conectará aos visitantes a través de Beacons, co fin de proporcionarlle información da zona.

Esta serie de actuacións iniciais, son un claro exemplo do interese da Deputación Provincial de Lugo, por apostar e empregar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de consolidación do turismo no territorio. Actuacións que pretenden ser potenciadas, grazas as sinerxias que se poderán xerar dentro da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.”

Visto o informe favorable da Intervención Provincial.

Visto o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento.

A Deputada– Delegada da Área de Réxime Interno, Promoción do Territorio e Turismo propón:

A aprobación pola Xunta de Goberno, se procede, da incorporación da Deputación Provincial de Lugo, como membro institucional da Rede de Destinos Turísticos Inteligentes (Red DTI) e ser parte do “Protocolo General de Actuación para la Participación, Impulso, Apoyo y Promoción de la Rede de Destinos Turísticos Inteligentes (Red DTI)” de 27 de febreiro de 2019, cuxa adhesión non suporá ningún compromiso económico”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR CLUB DE PÁDEL VILALBA CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2019 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Deporte de data 15 de novembro de 2019 e do seguinte teor:

«Informe relativo a escrito de número de rexistro, e en calidade de presidente do club de Pádel Vilalba, recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019



Con data 11 de outubro de 2019, don Pablo Viveiro Prieto, presentou escrito de número de rexistro 21990, e en calidade de presidente do club de Pádel Vilalba, de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019 de concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, reflectindo e reclamando expresamente, que «se dicte Resolución estimatoria da solicitude presentada polo Club de Pádel Vilalba para a modalidade de actividade competitiva, no caso de cumprir e acreditar todos os requisitos materiais para a súa concesión, ou subsidiariamente se nos conceda o prazo previsto nas bases de subsanación da mesma e se proceda ó seu estudio»

En relación co referido escrito, emítase o seguinte informe:

Antecedentes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2019, prestoulle aprobación ás Bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019. Así mesmo, o extracto do acordo polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046 do sábado 23 de febreiro de 2019.

Con data 14 de marzo de 2019, e número de rexistro 5924, don Miguel Rio del Valle, en nome de Club Pádel Vilalba, presentou escrito no rexistro da Deputación de Lugo, relativo a instancia de participación no concurso de concesión de subvencións de concorrencia competitiva, anualidade 2019.

De acordo co procedemento previsto nas bases da convocatoria, punto 6, a Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Con data 27 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, prestoulle aprobación á concesión de subvencións individualizadas de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019.

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data mércores, 2 de outubro de 2019 publicouse no BOP de Lugo, n.º 227, listaxe de concesión de subvencións do procedemento de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2019.

Con data 11 de outubro de 2019, don Pablo Viveiro Prieto, presentou escrito de número de rexistro 21990, e en calidade de presidente do club de Pádel Vilalba, de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019 de concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, reflectindo e reclamando expresamente, que «se dicte Resolución estimatoria da solicitude presentada polo Club de Pádel Vilalba para a modalidade de actividade competitiva, no caso de cumprir e acreditar todos os requisitos materiais para a súa concesión, ou subsidiariamente se nos conceda o prazo previsto nas bases de subsanación da mesma e se proceda ó seu estudio»

Que para os efectos de informe do escrito de recurso formulado, cumprirá, por tanto, atender os argumentos expostos no escrito, por unha parte, e no seu caso, e de xeito expreso a petición formulada no solicitando reflectido no referido escrito.



Ha de terse en conta que as citadas bases da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, establecían no seu punto 8, que o prazo de presentación de solicitudes sería de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

E así mesmo, as bases da convocatoria determinaban expresamente que:

«En consecuencia, os solicitantes deberán presentar obrigatoriamente unha (1) solicitude por cada unha das disciplinas deportivas e axudas solicitadas, que deberán de acompañarse da documentación respectiva esixida e dos certificados federativos correspondentes. Por tanto, cada solicitude será valorada de maneira independente e aplicando os criterios que no seu caso lle correspondan.»

En relación co argumentado polo recorrente, ha de terse en conta que data a de finalización do prazo de presentación de solicitudes de acordo co previsto nas bases e coa data de publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, sería o venres 15 de marzo de 2019.

Ha de terse en conta ademais, que a revisión e análise das solicitudes formuladas para o referido procedemento se realiza unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias.

Con data 27 de marzo de 2019 remitiuse ao solicitante requirimento de emenda de solicitude, de acordo co previsto nas Bases, e consta no expediente acreditación da remisión por correo certificado do citado requirimento de data e número de rexistro de saída 3823, de acordo coa Resolución de Presidencia de data 26/03/2019.

Que tal comunicación se remite ao enderezo comunicado polo solicitante para os efectos de notificación da solicitude: Basanta Silva 27800 Vilalba.

Que con data 02/04/2019 se produce o intento de Correos de entrega da comunicación con resultado de motivo Ausente reparto e co correspondente aviso de chegada na caixa de correo.

Consta no expediente documento Correos de data de 22/04/2019 de devolución da comunicación.

Que tal requirimento a través do medio indicado non foi por tanto atendido polo beneficiario. Consta no expediente acreditación do intento de entrega por parte de Correos e da posterior permanencia en lista do requirimento formulado.

Á vista desta circunstancia e co ánimo, -exposto polo recorrente no seu escrito-, de favorecer o principio de emenda, o servizo de Deporte xestionou a través de correo electrónico a emenda da documentación precisa para o trámite da instancia de solicitude presentada. Con ese obxectivo e con data 22/04/2019 (data de constancia da devolución de Correos da carta con aviso de recibo remitida) e hora 15:01, remítese ao solicitante correo electrónico ao enderezo electrónico reflectido na solicitude para advertirlle que consta devolución de Correos por non recollida carta con aviso de recibo relativa á emenda da documentación precisa para o trámite da instancia de solicitude presentada.

Con data 22/04/2019, hora 15:33 prodúcese acceso ao correo enviado e contestación do club.

Con data 23/04/2019 o club solicitante envía a documentación requirida para a emenda da solicitude formulada no seu día de acordo coa Resolución de Presidencia de data 26/03/2019.

Cómpre, por tanto, indicar que a través do anteriormente referido mecanismo, o beneficiario achegou a documentación requirida e prevista nas bases: “Copia de certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club/entidade ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, á data de publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”.



En consecuencia, cabería concluir, que o solicitante tivo expreso coñecemento do expediente ao que se refería o requirimento e que se tramitaba de acordo coa petición formulada con data 14 de marzo de 2019, e número de rexistro 5924, de don Miguel Rio del Valle, en nome de Club Pádel Vilalba, tal e como se indica no propio documento e así mesmo no correo electrónico remitido, circunstancia que motivou que o solicitante adoptase as medidas de emenda.

Ha de terse en conta que as propias Bases prevén a posibilidade de que:

....as entidades e clubs deportivos solicitantes, da provincia de Lugo poderán optar como máximo a dúas (2) axudas, unha por actividade competitiva (punto A) e outra por organización de eventos deportivos (punto B).

Desta norma quedan exceptuados, aquelas entidades e clubs deportivos que desenvolvan a súa actividade competitiva en máis de unha disciplina deportiva (fútbol, baloncesto, ciclismo, esquí,...) que poderán optar a un máximo de tres (3) axudas: (2 solicitudes de axuda por actividade competitiva; e 1 por organización de evento deportivo), circunstancia que deberán poñer de manifesto nas respectivas solicitudes (...),

Cómpre facer fincapé en que o servizo de Deportes á hora da valoración das solicitudes formuladas ha de cinxirse ao previsto nas Bases, e que por tanto, por cada (1) instancia presentada, -co seu correspondente número de rexistro,- ha de valorar (1) unha única solicitude, tal e como se determina no punto 8 das Bases, e de aí a prevención expresa reflectida, que determina as opcións ás que no seu caso decida concorrer o solicitante.

En aplicación do exposto, realizouse o requirimento antes indicado, e así mesmo, incorporouse ao expediente o documento inicialmente non achegado, a comunicación telefónica e vía correo electrónico co beneficiario e unha vez acreditada a non recepción do requirimento do correo certificado remitido, circunstancia que acreditaría de xeito patente a vontade da administración de trasladarlle ao beneficiario mecanismos de emenda e favorecer a intención do solicitante, pero sempre dentro do ámbito do susceptible de emenda da única instancia formulada de número de rexistro. Tal circunstancia de emenda, en ningún caso, podería permitir englobar a

incorporación de 1 (unha) nova instancia de solicitude, que ademais xa se situaría fóra do prazo de presentación de solicitudes previsto, dado que a revisión das solicitudes presentadas se realiza unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

En todo caso e para os efectos concretos da petición reflectida no solicitando do escrito de formulación do recurso de reposición, ha de terse en conta que con data 27 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, prestoulle aprobación á concesión de subvencións individualizadas de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019.

Que tal acordo inclúe a subvención concedida a Club de Padel Vilalba Pádel por importe de 1265 euros dentro da liña de actividade competitiva, derivada da solicitude de número de rexistro 5924 de data 14 de marzo de 2019.

Que de acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data mércores, 2 de outubro de 2019 publicouse no BOP de Lugo, n.º 227, listaxe de concesión de subvencións do procedemento de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2019.

En consecuencia e á vista do solicitando do recorrente, a xuízo de quen asina, procedería desestimar o recurso de reposición formulado con data 11 de outubro de 2019, por don Pablo Viveiro Prieto, en escrito de rexistro, e en calidade de presidente do club de Pádel Vilalba, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019 de concesión de subvencións do procedemento de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, solicitando no que se reclama expresamente, que «se dicte Resolución estimatoria da solicitude presentada polo Club de Pádel Vilalba para a modalidade de actividade competitiva, no caso de cumprir e acreditar todos os requisitos materiais para a súa concesión, ou subsidiariamente se nos conceda o prazo previsto nas bases de subsanación da mesma e se proceda ó seu estudo», dado que tal solicitude de número de rexistro 5924 de data 14 de marzo de 2019,



presentada polo Club de Pádel Vilalba, xa foi estimada no procedemento seguido e consta como concedida na listaxe de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 27 de setembro de 2019, que lle prestoulle aprobación á proposta de concesión de subvencións individualizadas de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019.»

Con fundamento no referido informe, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de reposición formulado por Club de Pádel Vilalba contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019 de concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, en escrito de data 11 de outubro de 2019 e número de rexistro 21990, reclamando expresamente, que «se dicte Resolución estimatoria da solicitude presentada polo Club de Pádel Vilalba para a modalidade de actividade competitiva, no caso de cumprir e acreditar todos os requisitos materiais para a súa concesión, ou subsidiariamente se nos conceda o prazo previsto nas bases de subsanación da mesma e se proceda ó seu estudio».

2º.-Notificar o presente acordo á parte interesada facéndolle saber que poderá interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o seguinte á súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo ao abeiro dos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, (segundo redacción dada pola Lei 19/03 do 23 de decembro).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR SOCIEDADE DEPORTIVA O PÁRAMO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2019, DE CONCESIÓN DAS

SUBVENCÍONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS ANO 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Deporte de data 15 de novembro de 2019 e do seguinte teor:

Informe relativo a escrito de número de rexistro de data 4/10/2019, de Sociedade Deportiva O Páramo.

Con data 4/10/2019 e número de rexistro Sociedade Deportiva O Páramo, formulou escrito reclamando expresamente, que «se admita como presentada en prazo a solicitude para o concurso de subvencións de concorrência competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, presentada por Rexistro da Deputación de Lugo o día 18 de marzo de 2019», polo que á vista do escrito e do solicitado, en consecuencia, caberá concluír a formulación de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019, de concesión das subvencións individualizadas así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes de subvencións de concorrência competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, e entre as que se incluía a solicitude da entidade recorrente.

En relación co referido escrito, emítese o seguinte informe:

Antecedentes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2019, prestoulle aprobación ás Bases da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019. Así mesmo, o extracto do acordo polo que se aproba a convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 046 do sábado 23 de febreiro de 2019.



As bases da referida convocatoria prevían no seu punto oitavo, que o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Con data 18 de marzo de 2019, e número de rexistro 6339 don Benjamín García Toirán como representante de Sociedade Deportiva O Páramo presentou escrito no rexistro da Deputación de Lugo, relativo a instancia de participación no concurso de concesión de subvencións de concorrencia competitiva, anualidade 2019.

De acordo co procedemento previsto nas bases da convocatoria, punto 6, a Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Revisadas as solicitudes formuladas e á vista do prazo previsto nas bases da convocatoria para a presentación de solicitudes e da data de presentación de solicitude de don Benjamín García Toirán como representante de Sociedade Deportiva O Páramo, formulada con data 18 de marzo de 2019, e número de rexistro 6339, relativa a instancia de participación no concurso de concesión de subvencións de concorrencia competitiva, anualidade 2019, trasladouse á comisión de avaliación, como solicitude desestimada por considerala presentada fóra do prazo de 15 días hábiles previstos.

Con data 27 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, prestoulle aprobación á concesión de subvencións individualizadas de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019.

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data mércores, 2 de outubro de 2019 publicouse no BOP de Lugo, n.º 227, listaxe de concesión de subvencións do procedemento de concorrència competitiva a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2019.

Con data 4/10/2019 e número de rexistro, Sociedade Deportiva O Páramo, formulou escrito reclamando expresamente, que «se admita como presentada en prazo a solicitude para o concurso de subvencións de concorrència competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, presentada por Rexistro da Deputación de Lugo o día 18 de marzo de 2019», polo que en consecuencia caberá concluír que formula de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019, de concesión das subvencións individualizadas así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, e entre as que se incluía a solicitude da entidade recorrente.

No escrito presentado, o recorrente expón as súas consideracións relativas á circunstancia de que un (1) dos días, -5 de marzo de 2019-, do período previsto nas bases da convocatoria como prazo de presentación de solicitudes coincidise en día festivo no concello de Lugo e no propio concello do solicitante (concello do Páramo), invocando a previsión recollida no artigo 30.6 da Lei 39/2015 na que se establece que «Cando un día sexa hábil no municipio ou comunidade autónoma en que resida o interesado e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerárase inhábil en todo caso.»

Así mesmo, solicita que «se admita como presentada en prazo a solicitude para o concurso de subvencións de concorrència competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, presentada por Rexistro da Deputación de Lugo o día 18 de marzo de 2019» e por tanto caberá inferir a formulación de recurso de reposición o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019, de concesión das subvencións individualizadas así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.



Para a valoración dos argumentos expostos polo recorrente ha de terse en conta que segundo dispón o apdo. 7 do art. 30, Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos de cómputos de prazos. O calendario aprobado polas Comunidades Autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades locais correspondentes ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación.

O devandito calendario deberá publicarse antes do comezo de cada ano no diario oficial que corresponda, así como noutros medios de difusión que garantan o seu coñecemento xeneralizado.

Así, a Resolución de 16 de outubro de 2018, da Dirección General de Trabajo, pola que se publica a relación de festas laborables para o ano 2019, establece que:

Tercero.

La Dirección General de Trabajo es competente para disponer la publicación en el «Boletín Oficial del Estado» de la relación de fiestas laborales comunicadas, de conformidad con lo previsto en el reiterado artículo 45.4 del Real Decreto 2001/1983, y en el Real Decreto 903/2018, de 20 de julio, por el que se desarrolla la estructura orgánica del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, con la finalidad de facilitar el general conocimiento en todo el territorio nacional del conjunto de las fiestas laborales, de tal forma que junto con la publicación de las fiestas de las Comunidades Autónomas y de las Ciudades de Ceuta y Melilla se transcriban también las fiestas laborales de ámbito nacional de carácter permanente que figuran en el reiterado precepto.

Vistos los preceptos legales citados y demás de general aplicación,
Esta Dirección General de Trabajo ha resuelto:

Disponer la publicación en el «Boletín Oficial del Estado» de la relación de fiestas laborales para el año 2019 de ámbito nacional, de Comunidad Autónoma y de las Ciudades de Ceuta y Melilla que figuran como anexo a esta Resolución.

Madrid, 16 de octubre de 2018.–El Director General de Trabajo, Ángel Allué Buiza.

No anexo citado na anterior resolución, reflíctense as festas laborables de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, e no que respecta ao mes de marzo de 2019, -o día de San Xosé-, determinándose expresamente que se trataría de “festa Nacional respecto da que non se exerceu a facultade de substitución”.

Pola súa parte, a Resolución de 29 de novembro de 2018, de la Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2019, determina que:

Serán, por tanto, días inhábiles , a efectos de cálculos de prazos:

En todo o territorio nacional: os domingos e os días declarados como festas de ámbito nacional non substituíbles, ou sobre as que a totalidade das Comunidades Autónomas non exerceu a facultade de substitución.

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas: aqueles días determinados por cada Comunidade Autónoma como festivos.

Nos ámbitos territoriais das Entidades que integran a Administración Local: os días que establezan as respectivas Comunidades Autónomas nos seus correspondentes calendarios de días inhábiles.

Estabelecendo así mesmo que os días inhábiles aos que se refiren os puntos a) e b) deste apartado, aparecen recollidos expresamente, -especificados por meses e por Comunidades Autónomas-, no anexo publicado como adxunto.

As regras sobre o cómputo de prazos no ámbito do Dereito Administrativo establécense nos artigos 29 a 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP).

En primeiro lugar, cabe dicir que as regras sobre os termos e prazos obrigan non só aos administrados senón tamén ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

Así, o artigo 30 LPACAP, dispón que:

Artigo 30. Cómputo de prazos.



Salvo que por lei ou no dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Son hábiles todas as horas do día que formen parte dun día hábil. Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e o minuto en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas; neste caso expresaranse en días.

(...)

Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.

(...)

O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou no ano de vencemento. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A diferenza da Lei 30/1992, a LPACAP establece os sábados como días inhábiles, igualando así o cómputo dos prazos no ámbito administrativo e no ámbito xudicial.

Outra cuestión que debe ser resaltada, é a regra referida ao comezo do cómputo. A reforma operada na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común pola Lei 4/1999 salientou a reiterada precisión de que os prazos deben contarse a partir do día seguinte ao da recepción da notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. Precisión que tamén contén o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Pode ocorrer que un mesmo día sexa hábil no lugar de residencia do interesado e inhábil no lugar onde o órgano administrativo teña a súa sede ou viceversa. Nestes supostos o lexislador opta por consideralo inhábil en todo caso (artigo 30.6 LPACAP).

Así mesmo, ha de analizarse o calendario de días inhábiles.

Para unha maior certeza na identificación dos días inhábiles, e por conseguinte dos hábiles, impónselle á Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, a obriga de fixar o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos, no seu respectivo ámbito, e con suxeición ao calendario laboral oficial. O calendario aprobado polas Comunidades Autónomas deberá comprender os días inhábiles das Entidades Locais correspondentes ao seu ámbito territorial. O devandito calendario deberá publicarse antes do comezo de cada ano no diario oficial que corresponda e noutros medios de difusión que garantan o seu coñecemento xeneralizado.

Con todo, a declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos de cómputo de prazos non determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das Administracións públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.

Para os rexistros electrónicos establecerase un calendario propio. A sede electrónica do rexistro de cada Administración Pública ou Organismo, determinará os días que se considerarán inhábiles a efectos da presentación de documentos, atendendo ao ámbito territorial no que exerce as súas competencias e ao calendario previsto nos parágrafos anteriores.

No propio Reglamento (CEE, Euratom) nº 1182/71 del Consejo, de 3 de junio de 1971, por el que se determinan las normas aplicables a los plazos, fechas y términos Diario Oficial nº L 124 de 08/06/1971 p. 0001– 0002. Edición especial en español: Capítulo 01 Tomo 1 p. 0149, establécese no seu Capítulo I, Plazos.

Artículo 2



Por días feriados se entendera, para la aplicación del presente Reglamento , todos los días previstos como tales en el Estado miembro o en la institución de las Comunidades donde deba cumplimentarse un acto.

A tal fin , cada Estado miembro comunicara a la Comisión la lista de días previstos como días feriados por su legislación. La Comisión publicara en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas las listas comunicadas por los Estados miembros , completadas con la mención de los días previstos como días feriados en las instituciones de las Comunidades.

Por días hábiles se entendera , para la aplicación del presente Reglamento , todos los días menos los días festivos , los domingos y los sábados .

Nese sentido, M. J. Izu Belloso, no traballo titulado “La fijación de los días inhábiles en el ordenamiento español”, Revista de Administración Pública, n. 186, 2011, pp. 425-457, incide en que a fixación dos días inhábiles non debe confundirse coa regulación da xornada laboral (1). A lexislación tendeu progresivamente a facer equivalentes os efectos dos días festivos en todos os ámbitos evitando deste xeito a confusión que se creaba noutras épocas coa declaración de días inhábiles a efectos laborais pero non a efectos xudiciais ou administrativos. Fai fincapé en que:

«Ha de terse en conta por tanto que son a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas (e estas ademais respecto das Entidades Locais correspondentes ao seu ámbito territorial) as que, con suxeición ao calendario laboral oficial, han de fixar, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos de cálculos de prazos que debe publicarse antes do comezo do ano no correspondente diario oficial. Desta sorte, os festivos a efectos laborais convértense automaticamente en días inhábiles a efectos administrativos. No mesmo sentido, a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece a regra de que os festivos a efectos laborais convértense en inhábiles a efectos procesuais. Non podería, con todo, afirmarse a regra contraria xa que existen outros días inhábiles a efectos xudiciais (os sábados, o mes de agosto, 24 e 31 de decembro) - e administrativos (os sábados)- que son laborais. De maneira que, un día pode ser hábil a efectos de cálculo aínda que ese día permanezan pechadas as oficinas administrativas. E é que, como reitera a Lei 39/2015 na liña das súas predecesoras, a declaración dun día como

hábil ou inhábil non determina o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.»

(1). M. J. Izu Belloso, “La fijación de los días inhábiles en el ordenamiento español”, Revista de Administración Pública, n. 186, 2011, pp. 425-457.

Pola súa parte, na análise realizada polos letrados da Xunta no texto, Lei 30/1992 comentada por letrados da Xunta de Galicia Comentarios, anotacións e xurisprudencia sobre a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común segunda edición (revisada), e cando se refiren ao artigo 48. Cómputo, indican concretamente:

O número 6 opera como “cláusula de salvagarda”, coa finalidade de evitar a confusión entre o réxime xurídico-procedemental dos días e horas hábiles e inhábiles e o ámbito organizativo e laboral das administracións públicas. En definitiva, non deben confundirse os días hábiles e inhábiles para os efectos dos prazos administrativos cos días de traballo e festivos para os efectos laborais. Por iso, o calendario de días inhábiles será fixado polas administracións estatal e autonómica con suxeición ao calendario laboral oficial.

E así mesmo, nun traballo semellante e aplicado á Lei 39/2015 e denominado Lei 39/2015 comentada por letrados da Xunta de Galicia. Comentarios, anotacións e xurisprudencia sobre a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fan fincapé en que:

Tamén antes, igual ca agora, se recolle o mandato cara ás administracións de fixar, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles para efectos de cálculos de prazos, coa mención a que no das comunidades autónomas haberá que incluír os días inhábiles das entidades locais.

Finalmente, é tradicional nas leis de procedemento advertir que a declaración dun día como hábil ou inhábil para efectos de cálculo de prazos non determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das administracións públicas, a organización do tempo de traballo ou o seu



réxime de xornada e horarios, o cal terá máis sentido cando estean operativos os rexistros electrónicos onde esa disociación será evidente.

Por tanto, e en relación con todo o exposto, deberá terse en conta o determinado no decreto 134/2018, do 10 de outubro, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia, (DOG, nº 203 de 24 de outubro de 2018), que establece as festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Así mesmo e expresamente, e para os efectos do asunto obxecto de informe, no artigo 3. Cómputo de prazos, determina que:

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Ha de precisarse que no relativo ao carácter de días inhábiles, -que en consecuencia serían as festas laborais sinaladas no artigo 1-, e con respecto ao mes de marzo de 2019, no citado decreto unicamente se establece como día inhábil a data do 19 de marzo, día de San Xosé.

Por tanto, a través deste decreto, a Comunidade Autónoma atende a previsión relativa á que nos ámbitos territoriais das Entidades que integran a Administración Local, serán inhábiles os días que establezan as respectivas Comunidades Autónomas nos seus correspondentes calendarios.

Véxase, por exemplo, a distinta consideración formulada pola Comunidade autónoma galega, das previsións reflectidas por outras comunidades:

«Orden HAC/32/2018, de 22 de junio, por la que se establece el Calendario de Fiestas Laborales para el año 2019 en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Cantabria.»

Artículo tercero. - Al calendario de fiestas referido anteriormente habrán de sumarse los dos días festivos de carácter local que se establezcan para cada municipio a propuesta del Pleno del

Ayuntamiento correspondiente, que deberá ser remitido a la Dirección General de Trabajo en el plazo de un mes a partir de la publicación de la presente Orden en el Boletín Oficial de Cantabria.

Artículo cuarto.- De conformidad con el artículo 30.7 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas, el calendario laboral anual tendrá efectos como calendario de días inhábiles respecto del cómputo de plazos administrativos en el ámbito territorial de Cantabria.

«Resolución de 4 de diciembre de 2018, de la Dirección General de la Función Pública y Calidad de los Servicios, por la que se fija el calendario de días inhábiles a efectos de cómputo de plazos en el ámbito de la Administración de la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia para el año 2019.»

En el ámbito territorial de las Entidades que integran la Administración Local los aprobados por cada Ayuntamiento y recogidos apartado b) del artículo único de la Resolución de 1 de agosto de 2018 de la Directora General de Relaciones Laborales y Economía Social.

Los días inhábiles, a efectos de cómputo de plazos, a que se refiere el anterior apartado a), especificado por meses, se recogen en el anexo I de esta Resolución.

Los días inhábiles, a efectos de cómputo de plazo, a que se refiere el anterior apartado b) se recogen, para cada Ayuntamiento, en el anexo II de esta Resolución.

Conclusiones:

Que o decreto 134/2018, do 10 de outubro, da Xunta de Galicia polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019, (DOG, nº 203 de 24 de outubro de 2018), establece as festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019 e expresamente, no artigo 3. Cómputo de prazos, e determina que de acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.



Que á vista do citado decreto, e con respecto ao mes de marzo de 2019, unicamente se establece como día inhábil a data do 19 de marzo, día de San Xosé.

Que por tanto, non ha lugar ás consideracións expostas polo recorrente no seu escrito de data 4/10/2019, Sociedade Deportiva O Páramo, relativas á previsión reflectida no artigo 30.6 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Por tanto, á vista do exposto, a xuízo de quen asina, procedería desestimar o solicitado por Sociedade Deportiva O Páramo, en escrito de data 4/10/2019 reclamando expresamente, que «se admita como presentada en prazo a solicitude para o concurso de subvencións de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, presentada por Rexistro da Deputación de Lugo o día 18 de marzo de 2019» e en consecuencia desestimar o recurso de reposición inferido, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019, de concesión das subvencións individualizadas así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxe de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2019, por considerar que a desestimación da solicitude formulada con data 18 de marzo de 2019, don Benjamín García Toirán como representante de Sociedade Deportiva O Páramo de instancia de participación no concurso de concesión de subvencións de concorrencia competitiva, anualidade 2019, se axusta ao procedemento previsto en base a súa presentación fóra do prazo de presentación de solicitudes determinado nas Bases da convocatoria, dado que en contra do argumento exposto polo recorrente non ha lugar a considerar como día inhábil o 5 de marzo de 2019 por non estar tal data considerada como día inhábil ao abeiro do decreto 134/2018, do 10 de outubro, da Xunta de Galicia polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019, (DOG, nº 203 de 24 de outubro de 2018), que establece as festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019 e expresamente, no artigo 3. Cómputo de prazos, determina de acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais que terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.»

Con fundamento no referido informe, propono que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de reposición formulado por Sociedade Deportiva O Páramo con data 4/10/2019, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019, de concesión das subvencións de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, reclamando expresamente, que «se admita como presentada en prazo a solicitude para o concurso de subvencións de concorrencia competitiva a entidades e clubs deportivos ano 2019, presentada por Rexistro da Deputación de Lugo o día 18 de marzo de 2019».

2º.-Notificar o presente acordo á parte interesada facéndolle saber que poderá interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o seguinte á súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo ao abeiro dos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, (segundo redacción dada pola Lei 19/03 do 23 de decembro).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:



Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 09 de novembro de 2018, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.095, do xoves 26 de abril de 2018, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoría	Entidade	Actividade	Subvención
Actividade competitiva federada	Quiroga Fútbol Club	Fútbol	1973

Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 22 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar as bases da convocatoria doprocedemento de concorrencia competitiva para a concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugona anualidade 2019.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 22 de febreiro de 2019 se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 057 do sábado, 9 de marzo de 2019.

Tendo en conta que de conformidade co punto sexto das Bases do procedemento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo,

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de bolsas incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliacióncoa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, por non acadaren a puntuación suficiente para obter bolsa de acordo co número máximo de bolsas a conceder, e no seu caso, que non emendaron as deficiencias detectadas e requiridas de acordo co procedemento previsto, e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 12 de novembro de 2019 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2019.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación



Visto o informe de servizo de Deportes

Visto o informe de Intervención

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Conceder as bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2019, que se reflicten nas listaxes que se achegan, e aprobar a desestimación das solicitudes que así mesmo se reflicten nas listaxes anexadas á proposta.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.